



Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro.

NOTA INFORMATIVA:

1º Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar **solicitude de admisión**, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os **critérios de admisión** que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao *centro solicitado en primeiro lugar*.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para **renunciar** a ella deberá facerse **expresamente**, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º O alumnado que teña **prioridade** para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando **solicitude de reserva no centro adscrito**, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º En todo caso, a *solicitude de reserva ou de admisión* é **única** para cada alumno/a e ten carácter **vinculante**. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

*A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser **causa de perda do dereito** a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.*